



Estimados pais/nais:

Informamos que xa poden solicitar a axuda de libros e material escolar. A **solicitude** está a vosa disposición na Secretaría do colexio, na páxina web, na aplicación "FONDOLIBROS" ou na sede electrónica procedemento **ED330B**.

As **solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica** nos formularios dispoñibles na aplicación "FONDOLIBROS" (<https://www.edu.xunta.es/fondolibros>) ou na sede electrónica da Xunta de Galicia buscando o procedemento **ED330B** (é preciso ter chave 365, clave e usuario de educación ou certificado dixital). Opcionalmente poderanse presentar presencialmente no centro.

O prazo de presentación de solicitudes é dende o 20 de maio ata 21 de xuño de 2022 (ambos inclusive). A solicitude será única para todos os fillos do mesmo centro educativo (salvo que se presenten por vía electrónica que hai que presentar unha solicitude por cada fillo/a).

O **código do centro** que se solicita na casilla de "Datos do centro" é o **15003054**.

Axuda para libros:

- O alumnado de **1º e 2º de Educación Primaria** terá dereito á adquisición de **vales** para a compra de libros. O importe será de **160 €** (renda per cápita superior a 6.000 € e igual ou inferior a 10.000 €) ou de **240 €** (renda igual ou inferior a 6.000 €)
- O alumnado de **Educación Especial ou con discapacidade igual ou superior ao 65%** terá dereito a **vales** para a compra de libros por importe de **300 €** con independencia da renda.
- O alumnado en situación de **garda ou tutela da Xunta de Galicia**, o importe da axuda será o maior correspondente ao ensino e curso en que estea matriculado, con independencia da renda.
- O alumnado de **3º e 4º de Educación Primaria** terá dereito a axuda do **fondo solidario** de libros do propio centro. Teñen **preferencia** o alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia ou cunha discapacidade igual ou > 65 % (con independencia da renda operarán 6 libros). O resto de alumnado irá por **orde inversa (de menor a maior importe) á renda per cápita da unidade familiar**. Renda igual ou inferior a 6.000 € (6 libros), renda entre 6.000 e 10.000 e (4 libros)
- O alumnado de **Necesidades específicas de apoio educativo (matriculado en 3º, 4º, 5º e 6º de educación primaria)** terá dereito a **vales** para a compra de libros por importe de : **160 €** (renda per cápita superior a 6.000 € e igual ou inferior a 10.000 €) ou de **240 €** (renda igual ou inferior a 6.000€)

Axuda para material escolar: terá dereito o alumnado matriculado en **educación primaria** con **renda per cápita familiar igual ou inferior a 10.000 €**. Se a renda per cápita é superior a 6.000€ e inferior a 10.000€ o importe desta **axuda será de 60 €**. Se a renda per cápita é igual ou inferior a 6.000€ o importe desta **axuda será de 75 €**. O alumnado de educación especial, tutelado pola Xunta ou con discapacidade igual ou superior ao 65% será beneficiario **da axuda de 75€** con independencia da renda.

Cómo calcular a renda per cápita da unidade familiar: o exercicio fiscal é o de 2021 (renda presentada no ano 2022).

A renda da unidade familiar será o resultado de sumar as rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza, de conformidade coa normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas.

O importe é o resultado de sumar as **celdas número 435 (base imponible xeral) + 460 (base imponible do aforro) e dividir polo número de membros da unidade familiar.**

Os que teñan discapacidade igual ou superior ao 33% ou percepción dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez ou a equivalente de clases pasivas **computarán por 2 no cálculo da unidade familiar.**

Nos casos de violencia de xenero non se teran en conta os ingresos do agresor para determinar a renda per capita da unidade familiar.

Cómo se computa a unidade familiar: forman parte da unidade familiar a **31 de decembro de 2021** (salvo violencia de xénero ou separación posterior con sentença e custodia a un proxenitor):

- Os pais non separados nin divorciados, ou no seu caso titor ou titores do alumnado
- Os/as fillos/as menores de idade (salvo os emancipados)
- Os/as fillos/as maiores de idade pero discapacitados ou incapacitados xudicialmente
- Os/as fillos/as solteiros menores de 25 anos que convivan no domicilio familiar
- Os proxenitores separados legalmente ou divorciados con custodia compartida forman unidade familiar cos fillos que teñan en común
- A persoa (pai ou nai) que teña outra parella (e conviva con ela) formará unidade familiar coa persoa proxenitora do/a alumno/a (salvo custodia compartida)
- Cando non exista vínculo matrimonial a unidade familiar será a constituída polo pai, nai e descendentes (segundo os apartados anteriores)

Documentación:

- Solicitude asinada (Anexo I) e Anexo II (comprobación de datos)
- Copia do libro de familia (en casos excepcionais o certificado de convivencia ou informe dos servizos sociais ou equivalente do concello)
- De ser o caso e estar nalgún dos seguintes supostos deberán xustificalo coa documentación correspondente : Sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador, certificado grao discapacidade por órgano distinto da Xunta de Galicia, violencia de xénero, resolución xudicial de incapacitación con patria potestade prorrogada ou rehabilitada e resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento ou do certificado do centro de menores, para o alumnado en situación de tutela

Quedarán excluídos das axudas aqueles alum@s **que non devolvan os libros** adquiridos coas axudas no curso 2022/23 (**O prazo é ata o 20 de xuño**) e os que **superen os límites de renda**

O alumnado de 6º de Ed. Primaria que pasa para o Instituto presentará alí a solicitude (cando o fagan de forma presencial)

Cedeira, 22 de maio de 2023
A Dirección